

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **18 de outubro de 2022** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Alicia Gloria Risso Miguez, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Blanca Laffon Lage, Cristina Pardo Carabias, Eduardo José Pásaro, Eva María Espiñeira Bellón, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Manuel Peralbo Uzquiano, Miriam Carretero García, Óscar González Iglesias, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Yamilé Pérez Guilarte, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia as profesoras Patricia Carballal Miñán, Nuria Rebollo Quintela, Mar Rodríguez Romero, Araceli Serantes Pazos e o alumno David Posada Fernández.

Comeza a sesión ás 17:30h, e toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Rivadulla López para informar das ausencias e pasar seguidamente á **Orde do día:**

1. Lectura e aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores (08/06/2022 e 29/06/2022).

Como as actas foran postas a disposición dos presentes a través do correo electrónico e ninguén presenta suxestións, apróbanse estas por asentimento.

2. Informe das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación.

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvida aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, comeza anunciando e agradecendo a incorporación das profesoras Miriam Carretero García, da área de Didáctica da Expresión Corporal, e Yamilé Pérez Guilarte, da área de Didáctica das Ciencias Sociais, ao Comité Ambiental.

A continuación, procede a informar sobre as actividades que se teñen levado a cabo na Facultade de Ciencias da Educación nos últimos meses, como é:

- A revisión dos contedores, para comprobar o grao de reciclaxe do centro, que continúa a mellorar.
- A colocación de glicinias na zona principal de entrada á Facultade de Educación, en substitución da cuberta agora desmontada. O profesor Roberto Suárez Brandariz aclara que se colocaron glicinias en lugar de buganvíleas, como era a idea orixinal, recollida na acta do 8 xuño 2022, por recomendación expresa da propia empresa concesionaria de xardíns na UDC, Jardincelas.

- As profesoras Ánxela Bugallo, como coordinadora do Mestrado Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, e Yolanda Golías, como responsable do itinerario de Ciencias Experimentais do devandito mestrado, continúan a traballar na incorporación de contidos aos plans de estudo dos diferentes itinerarios e materias.
- O pleno e correcto funcionamento do composteiro, do que se incluírán fotografías na memoria, ao igual que da instalación das flores na entrada, como evidencia da iniciativa e posta en marcha das propostas emitidas desde o Comité Ambiental da Facultade de Ciencias da Educación.

3. Propostas de actividades para o curso 2022/2023

4. Aportacións para a renovación da bandeira verde

Como propostas de intervención para este curso académico e en liña coa firme vontade de lograr a renovación da bandeira verde, o profesor Pedro Vega expón as seguintes:

- Promoción non só de Traballos de Fin de Mestrado (TFM) sostibles, senón tamén nos Traballos de Fin de Grao (TFG).
- Próxima realización do Obradoiro de Moda Sostible, que xa se comentara en ocasións anteriores, durante o Marzo Ambiental.
- Estase á conversar cunha empresa para proveer á cafetería de vasos máis ecolóxicos para levar bebidas.
- Ao longo deste novo curso académico completárase o mapa acústico da facultade, facéndoo máis exhaustivo.
- No 1 de novembro está prevista a incorporación de Laura González como nova bolseira do GreenCampus para a Facultade de Ciencias da Educación. Con ela continuarase con tarefas que quedan pendentes, como a renovación das pegatinas de chamada ao aforro, actualmente deterioradas de diferentes espazos, como os baños.
- No contexto do grupo de traballo “Rompendo Regras”, liderado pola profesora Mar Rodríguez Romero, propónse solicitar que o obradoiro sobre nutrición a impartir por Nutriciona (que figura como punto nº6 da Orde do Día) poda incorporar unha liña específica sobre Muller e Nutrición, na que se abordarían aspectos como a alimentación nos períodos de xestación e lactancia, entre outros.
- Continuar a promover no alumnado das diversas titulacións e cursos o acceso aos perfís de Facebook e Instagram do GreenCampus, para mantérense ao día das sucesivas accións, informacións e propostas de actividades que se ofrecen.

- Adopción de diversas medidas de aforro enerxético, en liña co documento elaborado pola UDC, para ser o máis sostibles posible en cada un dos eventos que se organicen na Facultade de Ciencias da Educación.

5. Propostas dos membros do comité para o aforro enerxético do centro

En relación con este último punto sobre as medidas de aforro enerxético, toma a palabra o profesor e Decano da Facultade de Ciencias da Educación, Manuel Peralbo, para informar de que nestes días tiveron lugar sucesivas reunións na Reitoría co obxectivo de identificar diferentes estratexias de aforro enerxético en resposta, fundamentalmente, á situación de crise económica e enerxética actual. Tamén de sostibilidade, desde o punto de vista do Comité Ambiental e da propia Facultade de Ciencias da Educación.

Nesas reunións presentáronse os resultados das consultas feitas ata o de agora: algunhas propostas son certamente razoables e plausibles; outras, aínda que necesarias e eficaces, requirirían de fortes investimentos que a Universidade da Coruña non está en condicións de asumir actualmente.

Xa que logo, o profesor e Decano Manuel Peralbo relata aquelas factibles, sen custo e aplicables ao noso centro, como son:

- O peche dos centros universitarios (a excepción das bibliotecas centrais, residencias de estudantes, etc.) nos períodos vacacionais de Nadal (23 decembro 2022 a 9 xaneiro 2023) e Semana Santa (3 a 5 abril 2023, ademais dos habituais Xoves e Venres Santo, por seren festivos). Tamén se propuxo o peche durante parte do mes de agosto, pero, tendo en conta que é período de matrícula e ademais a porcentaxe de aforro non sería significativa, dada a falta de actividade lectiva, descártase polo momento.
- Redución significativa do tempo de calefacción e pode que nivel de temperatura, aínda por concretar. Por exemplo, pecharíase en venres e acenderíase o domingo á noite, para garantir unha temperatura adecuada os luns.
- Iluminación do centro axustada aos tempos de actividade académica e apagado daquelas lámpadas que non sexan relevantes, como as redondas que ocupan diferentes corredores. Procederáse a facer un pequeno estudo en colaboración coa Conserxería coa fin de identificar cando e que lámpadas poden apagarse.
- No borrador da Resolución Reitoral recóllese a eliminación específica de aparatos individuais de calefacción, agás que sexan necesarios por falta de climatización eficaz, situación na que se encontraría a propia Facultade de Ciencias da Educación.

Aínda cando se descoñece se esta excepción á norma sobrevivirá finalmente ao momento da publicación da Resolución, o decano chama a prescindir destes aparellos na medida do posible, tanto por cuestións de aforro enerxético e económico, como da propia condición das instalacións, que non están preparadas para soportar esta carga.

- Apagado dos equipos informáticos individuais unha vez que se abandona o posto de traballo.
- Celebración telemática das defensas de tese e resolución de prazas, posto que suporía un importante aforro económico para a UDC, o que axudaría a compensar o forte custo económico derivado da alta subida dos prezos da enerxía, que no caso da nosa universidade non é tan grave como noutras universidades grazas a que a compra de enerxía se realiza por medio dun consorcio de compra centralizada.

Outras medidas de maior envergadura que sería necesario e recomendable acometer serían o illamento das fachadas, a instalación de paneis solares..., pero requirirían unha inversión económica que non é posible nestes momentos.

A maiores destas medidas derivadas da Resolución Reitoral, diferentes membros do Comité Ambiental foron suxerindo outras posibilidades; concretamente:

- (1) Redución do uso do ascensor por medio de diversas estratexias (pegatinas e grandes carteis promovendo o uso das escaleiras en detrimento do ascensor, apelando a razóns de sostibilidade (aforro enerxético) pero tamén de saúde (exercicio físico), como xa se viña facendo anos anteriores, antes da pandemia; habilitar o uso dun único ascensor a cada lado do edificio, ou mesmo bloquealos para que só podan ser usados en casos de mobilidade reducida...);
- (2) Explicación en aula da gravidade da situación enerxética actual para concienciar ao alumnado da problemática e chamalo á acción;
- (3) Uso efectivo da dobre porta de entrada, garantindo o seu funcionamento como cámara illante mediante a apertura dunha soa das portas;
- (4) Responsabilizarse, tanto alumnado como profesorado, de que as aulas e todos os seus dispositivos quedan completamente apagadas ao finalizar cada sesión;
- (5) Creación dun grupo “Eu sen papel”, para promocionar a redución do uso de papel;
- (6) Creación dunha aula exterior, posibilidade xa discutida con anterioridade entre os membros da Didáctica da Expresión Corporal e no grupo de investigación EUNOIA, ao que pertence a profesora Miriam Carretero, e con Manuel Soto, da OMA. Esta aula sería disposta na zona de eucaliptos situada na parte posterior do aparcamento da Facultade de Dereito (ver

ANEXO). A profesora Ánxela Bugallo solicita que a aula inclúa un panel de reserva para asegurar que non hai solapamentos no seu uso.

Acórdase que esta proposta será enviada formalmente á OMA desde o GreenCampus e máis ao Decanato para que sexa avaliada pola Comisión de Infraestruturas e así poder poñela en marcha canto antes. O decano recorda ademais a disposición da Vicerreitoría de Economía para a tramitación e mobilización de fondos para o desenvolvemento de propostas de innovación, como pode ser a instalación deste tipo de espazos educativos.

6. Colaboración con Nutrición para promover a liña 6 (ambientes saudables) do programa GreenCampus

Intervén brevemente o Vicedecano Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Carlos Rivadulla para explicar que desde UDC Saudable fixéronse chegar varias propostas de conferencias, con distintas temáticas a escoller, e finalmente foi concedida para a Facultade de Ciencias da Educación un taller sobre etiquetaxe nutricional que terá lugar en febreiro (data aínda por concretar).

7. Quenda aberta de intervencións

A profesora Cristina Pardo Carabias propón diferentes liñas de actuación, como a realización dun taller sobre “baños de bosque” no contexto do Marzo Ambiental ou a disposición dunha cesta con froita nalgún punto da facultade para aproveitar recursos e promocionar o seu consumo. En relación con esta promoción, a profesora Blanca Laffon chama a atención sobre o feito de que a froita, nas cafeterías das facultades, custe practicamente 1€ por peza (ao igual que outros produtos menos saudables como bolería industrial), e propón falar coas empresas concesionarias para conseguir abaratar este prezo.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18.40h.

A Coruña, 18 de outubro de 2022,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental